CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

*Resolución do 30 de abril de 2010, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, pola que se procede a nomear e a facer pública a composición dos tribunais que xulgarán a proba de acreditación do coñecemento da lingua galega e o procedemento de acceso ao corpo de inspectores de Educación, convocado pola Orde do 15 de febreiro de 2010 (*Diario Oficial de Galicia *do 8 de marzo).*

En cumprimento do sinalado nas bases comúns 5 e 6 da Orde do 15 de febreiro de 2010 (*Diario Oficial de Galicia* do 8 de marzo), pola que se convocaba concurso-oposición para o acceso ao corpo de inspectores de Educación,

Esta dirección xeral

RESOLVE:

Primeiro.-Nomear os tribunais que deberán xulgar a proba de acreditación do coñecemento da lingua galega e o procedemento de acceso ao corpo de inspectores de Educación no anexo desta resolución.

Segundo.-As localidades de actuación dos citados tribunais faranse públicas na resolución desta dirección xeral en que os tribunais anunciarán a hora e o lugar da realización da proba.

Terceiro.-Quedan autorizadas as comisións de servizos dos membros dos tribunais que necesiten desprazarse para o exercicio de tal función, e terán dereito a percibir as axudas e gastos de viaxes de acordo coa lexislación vixente. Os medios de locomoción usados serán calquera dos previstos no Decreto 144/2001, do 7 de xuño, modificado polo Decreto 144/2008, do 26 de xuño (*Diario Oficial de Galicia* do 18 de xullo), e debe entenderse que queda expresamente autorizado o uso de vehículos propios, de acordo co citado decreto.

Santiago de Compostela, 30 de abril de 2010.

José Manuel Pinal Rodríguez
Director xeral de Centros e Recursos Humanos

ANEXO

Tribunal único

Titulares

Posto	NIF	Nome
Presidente titular	33761572-X	Del Pozo Andrés, Fernando
Vogal titular 1	33843526-S	Fernández Fraga, Fernando
Vogal titular 2	32292119-G	Sáenz López, María Eudoxia
Vogal titular 3	35205040-K	Fraga Boullosa, José Antonio
Vogal titular 4	32369166-R	Couto Llamas, Milagros

Suplentes

Posto	NIF	Nome
Presidente suplente	33800788-B	Fernández Ares, Eduardo José
Vogal suplente 1	45425275-E	Álvarez Martínez, Luis Manuel
Vogal suplente 2	34534597-M	Martínez Quintas, María Esther
Vogal suplente 3	34563196-S	Hermida García, Modesto
Vogal suplente 4	09721412-W	De la Fuente Fernández, María Adoración

Tribunal único especial-coñecemento de lingua galega

Titulares

Posto	NIF	Nome
Presidente titular	33783681-Q	González Moreiras, Jesús Pablo
Vogal titular 1	34720883-Z	Caseiro Nogueiras, Delfín
Vogal titular 2	34934619-B	Fernández Fernández, José
Vogal titular 3	34563196-S	Hermida García, Modesto
Vogal titular 4	32417013-P	López Varela, Elisardo

*Anuncio do 29 de abril de 2010, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, polo que se comunica a publicación das puntuacións definitivas e a relación de excluídos do baremo aberto polo Anuncio do 29 de marzo de 2010, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, polo que se comunica a apertura dun prazo para solicitar prazas de interinidades e substitucións no corpo de profesores de música e artes escénicas, especialidades de acordeón (594401), saxofón (594424) e trompeta (594428) (*Diario Oficial de Galicia *do 1 de marzo).*

Publicada a lista provisional e resoltas as reclamacións, procede publicar o baremo definitivo e a relación definitiva de excluídos no taboleiro de anuncios da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, nos seus departamentos territoriais e na páxina web desta consellería.

En consecuencia, esta dirección xeral

RESOLVE:

Primeiro.-Facer públicas na Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, nos seus departamentos territoriais e na páxina web desta consellería (https://www.edu.xunta.es/substitutoslistas/), as puntuacións definitivas do baremo para prazas de interinidades e substitucións no corpo de profesores de música e artes escénicas, especialidades de acordeón (594401), saxofón (594424) e trompeta (594428).

Segundo.-Declarar excluídos definitivamente os aspirantes que figuran no anexo deste anuncio polas causas que se indican.

Terceiro.-Contra estas puntuacións definitivas e a relación de excluídos, que pon fin á vía administrativa, os interesados poderán interpoñer, con carácter potestativo, recurso de reposición ante o director xeral de Centros e Recursos Humanos, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da publicación deste anuncio, de conformidade cos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou ben poderán interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte ao da publicación deste anuncio, ante o xulgado do contencioso-administrativo, conforme os arti-